

# CONCURSO

Constrúe a túa maqueta eficiente

*Enerxiza\_Rme 2022*

Maio

1.º premio: diploma + cheque 300 €

2.º premio: diploma + cheque 150 €



Desaño: Área de Inxene. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Inscripcións ata o  
30 de marzo de 2022

Máis información:  
[minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)



Universidade de Vigo

## Enerxiza\_Rme 2022

Alcanzar a eficiencia enerxética é un dos retos perseguidos na actualidade pola nosa sociedade.

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo lanza o concurso Enerxiza\_Rme 2022.

### Bases de participación

1.º Este concurso vai destinado ao alumnado de terceiro e cuarto da ESO, de bacharelato e de ciclos formativos. Poñer-se a proba o seu enxeño e creatividade, e reforzaranse os estándares de aprendizaxe dos currículos de terceiro e cuarto da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato, relacionados coa hidráulica, pneumática, circuitos e automática.

2.º Os/As concursantes deberán construír unha maqueta dunha instalación na que se manifeste a busca desta eficiencia enerxética. Poderán presentar maquetas de:

- Vivendas eficientes
- Centrais e plantas de enerxías renovables, como eólica, hidráulica, xeotérmica etc.

3.º Requírese **orixinalidade no deseño da maqueta** presentada ao concurso. Non se permite o emprego de maquetas comerciais. **Non existen requisitos nas dimensións** das creacións. **Non existe limitación en canto a materiais** (cartón, madeira, metal, plástico etc.) **ou tecnoloxías empregadas** para a súa construción (elaboración manual en taller, creación de pezas mediante impresoras 3D, procesos de mecanización etc.).

4.º Os/As participantes usarán os seus coñecementos de hidráulica, pneumática, circuitos e automática para crear unha maqueta interactiva, reforzando desta maneira os estándares de aprendizaxe dos currículos de terceiro e cuarto da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato.

5.º As creacións construíranse por **equipos**, cun mínimo de tres e un máximo de seis integrantes.

Os equipos estarán liderados por un/unha docente titor/a do centro educativo ao que pertenza o alumnado.

6.º Ningunha persoa poderá participar en máis dun equipo, agás o/a docente do centro educativo. **Só se permite presentar unha proposta por equipo.**

7.º Realizarase a **inscripción antes do 30 de marzo de 2022, ás 20.00 horas**. Enviarase ao enderezo electrónico **eme@uvigo.gal** o **formulario de inscrición descargable** na sección do concurso da web da **EME (minaseenerxia.uvigo.es)** debidamente cuberto.

8.º Antes do **30 de abril de 2022**, o/a docente enviará o anteproxecto da maqueta ao enderezo electrónico **eme@uvigo.gal**, indicando claramente o nome das persoas integrantes do equipo.

A inscrición no concurso é gratuíta.

9.º Segundo as solicitudes de inscrición recibidas, o equipo directivo da EME resérvase o dereito a crear diferentes categorías para as persoas participantes que cursen a ESO, bacharelato ou ciclos formativos.

10.º O concurso poderá anularse se non se presentan un número mínimo de creacións.

11.º A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

### Resolución do concurso

1.º O xurado estará composto por un/unha especialista no ámbito da enxeñaría da enerxía, dous membros do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, un profesor/a de bacharelato e dous alumnos/as (un/unha por cada grao impartido na EME).

2.º A competición e a entrega de premios terá lugar no mes de maio do 2022 nas instalacións da EME, en horario de mañá, co obxectivo de celebrar o Día internacional do Medio ambiente.

3.º O xurado rexeitará as creacións que non cumpran o especificado nestas bases.

4.º O fallo do xurado será inapelable e publicitarase adecuadamente, podendo consultarse na sección do concurso en [minasenergia.uvigo.es](http://minasenergia.uvigo.es).

5.º O xurado resolverá calquera circunstancia que se produza durante o concurso e que non fose prevista nestas bases.

6.º As maquetas presentadas a concurso pasarán a ser **propiedade exclusiva da EME**, non podendo ser utilizadas polo autor/a en outros concursos. A EME poderá facer o uso que considere oportuno das mesmas.

### Premios

Os premios serán entregados aos centros participantes.

Para cada categoría:

- **Primeiro premio:** diploma e cheque por un valor de 300 € para o centro educativo.
- **Segundo premio:** diploma e cheque por un valor de 150 € para o centro educativo

Cada participante recibirá un agasallo.

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.

### Máis información

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía  
Campus universitario  
36310 Vigo

Tel.: 986 814 077  
[eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal)